

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 17 de abril de 2013, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACION DO SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2013**. Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Realización de traballos de desbroce de pistas de diversas parroquias do termo municipal de Lugo durante o ano 2013

b) Prazo de execución: O prazo de execución do contrato terá lugar entre o 15 de xuño e o 15 de setembro de 2013.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación:** ordinaria
b) Procedimento: aberto

4.- Tipo de licitación.

O prezo por quilómetro de desbroce é de 120 €/quilómetro máis o 21% IVE (25,20 euros) resultando un total de **145,20 euros/quilómetro IVE incluído**. O número estimado máximo de quilómetros a desbrozar son 700.

En consecuencia o valor estimado do contrato ascende á cantidade de 84.000 euros IVE excluído. O orzamento máximo do contrato é de **101.640 euros IVE (21%) incluído**.

5.- Garantías:

- a) Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6.- Obtención de documentación e información.

- a) Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio
b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.
c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002
d) Teléfonos: (982) 29-71-45, 29-73-27
e) Telefax: (982) 29-72-59.
f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servizos: pertil do contratante)
g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: DESBROCE PISTAS 2013

Asunto: anuncio licitación

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados nos pregos de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Centro de Servicios Municipales

b) Domicilio: Ronda Muralla 197- 3ª planta

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 144,04 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 29 de abril de 2013

O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO
EN SUBSTITUCIÓN DA TENENTE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA
ECONOMIA, EMPRENDEMENTO, AUTONOMOS Y EDUCACIÓN
(Decreto núm. 13000897)

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez